Democracia 45

Para hoarmonizar o proceso autonómico, establecéronse uns puntos comúns: todas as Comunidades quedaban sometidas á Constitución, todas teñen os mesmos criterios de representación no Senado; os seus réximes non poden ser modificados máis que por unha Lei orgánica; en todas rexen as mesmas normas en materia de incompatibilidade dos cargos públicos..Cataluña foi a primeira en retomar a cuestión autonómica. Xosé Tarradellas, presidente da Generalitat no exilio conseguiu o restablecemento da Generalitat. Os cataláns deron un si ó seu estatuto. A coalición CiU foi a forza máis votada nas eleccións autonómicas catalás de 1980..No País Vasco, en 1978, creouse o Consello Xeral Vasco como órgano preautonómico.A elaboración do seu Estatuto asentouse sobre as peculiaridades do pasado: o sistema foral. A aprobación maioritaria do Estatuto contrasta co non que deron á LRP e á Constitución. O PNV foi a forza máis votada nas eleccións autonómicas de 1980.No País Vasco existe un clima de tensión política e social permanente debido á diferente concepción que os grupos políticos e a sociedade ten sobre a cuestión básica que os enfronta: os constitucionalistas, e os nacionalistas soberanistas. Ademais, existe outro problema: o terrorismo de ETA co obxectivo de obrigar ao Estado a recoñecer a soberanía nacional vasca (Euskal Herría)..En Galicia na transición democrática tivo lugar a reorganización das forzas políticas galegas (dereita: UCD/AP; esquerda: PSOE/PCE) dando lugar á Plataxunta. O mesmo fixeron as principais forzas políticas de carácter nacionalista. A tensión entre forzas tan dispares fixo que a UPG se considerase a si mesma a única forza política autenticamente representativa do nacionalismo galego.Durante o proceso preautonómico, en Galicia non se contou cos políticos exiliados. En Galicia a Transición democrática estivo nas mans de falanxistas renovados (Antón Rosón Pérez) que pedían a autonomía para Galicia.O 25 de xullo de 1977 constituíuse en Santiago a Asemblea de Parlamentarios de Galicia que elaborou o proxecto de preautonomía.Por decreto de 16 de marzo de 1978 creouse unha Xunta Preautonómica que nomeou unha comisión que redactou o texto definitivo do Estatuto que foi aprobado por unanimidade pola Asemblea e polo pobo galego.3.Os gobernos de UCD.As vitorias da UCD nas eleccións de xuño de 1977 permitiron gobernar ao partido liderado por Adolfo Suárez.Adolfo Suárez desenvolveu un programa de goberno centrado na democratización da vida española..Entre as principais medidas postas en práctica polos gobernos presididos por Suárez destacan:A reforma do exército: para adaptalo ó novo marco constitucional. As reformas permitiron que os mandos militares fosen ocupados por persoas máis novas e preparadas; aumentou o orzamento destinado ó exército.Os pactos da Moncloa, (outubro 1977) en que se comprometían a lograr a estabilidade do país mediante a consolidación da democracia, a redución da conflitividade social e a adopción de medidas para abordar a crise económica que se viña arrastrando. A aplicación dos acordos reduciu a inflación e normalizou a vida sindical.Inicios da reforma fiscal, coa introdución do IRPF.A proxección exterior, reiniciando as xestións para lograr a entrada de España na Cee.Co Vaticano foron asinados novos acordos que substituíron ao Concordato de 1953..As maiores dificultades de UCD estaban na súa orixe: unha coalición de partidos. Inicialmente, a figura de Adolfo Suárez logrou o liderado da coalición, pero as tensións internas acabaron por facela desaparecer.O principal partido da oposición, o PSOE, presentou unha moción de censura a Suárez que significou a fin da etapa de consenso.Ante o recoñecemento das propias limitacións, Suárez presentou a súa dimisión o 29 de xaneiro de 1981.